



Tras os pasos de A Esmorga

Un percorrido pola arte e a historia de Ourense

Victor Javier Pérez Baltar
IES Cidade de Antioquia, Xinzo de Limia
vpbaltar@edu.xunta.es

A espai-facilítase á cénica, cón afirmamos a alumnos de bacharelato. Partimos da liña argumental da novela de Eduardo Blanco Amor, A Esmorga, que se desenvolve en Ourense. A obra servímonos de pano de fondo para realizar un percorrido pola historia, a arte, a mitoloxía, a arquitectura e a literatura, que foron conformando o que foi a cidade, o que é a actualidade e o que somos nós hoxe en día. A participación de profesores de distintas áreas contribúe a darlle unha visión global e multidisciplinaria do tema, e serviu para aproveitar ao máximo as súas posibilidades formativas.



Os alumnos xunto á estatua de Otero Pedrayo, na praza do Concello

A idea xorde a partir da conmemoración dos 50 anos da publicación da mencionada obra e coméntanos mentres que preparabamos a asistencia cos alumnos á representación teatral do grupo Sarabela. Daquela comezamos a preguntarnos que actividades nos poderían axudar aos rapaces a coñecer, interpretar e comprender o contorno urbano.

Neste traballo participaron profesores e profesoras de oito departamentos, concretamente os de Ciencias Sociais, Lingua Castelá, Historia da Arte, Latín/Grego, Educación Física, Bioloxía, Galego e Inglés. Os alumnos tiveron ocasión de percibir unha mesma información dende diversas perspectivas e de aprender dunha maneira significativa e contextualizada. É dicir, tratamos de fomentar a responsabilidade e a autonomía á hora de interpretar un contorno cultural-artístico como é a cidade de Auna.

Ao mesmo tempo, colaboramos no desenvolvemento de competencias, pois a través das TIC tiñan que buscar a maneira de resolver as dúbidas, tratar diferentes fontes de información, contrastalas e responsabilizarse da súa tarefa, tanto a que se lles encomendaba de xeito individual como a que lles correspondía dentro do grupo. Contamos coas aulas de informática, encerado dixital e canóns de vídeo. As presentacións fixéronse no horario lectivo e procurouse que se realizase tanto o profesor da materia correspondente, nunha sesión de aula de 50 minutos. Isto non supo ningún impacto negativo na programación dos cursos. Todo ao contrario, tivo consecuencias moi proveitosas nos contidos e na metodoloxía.

Hai que salientar que coidamos moito a presentación do material, incluso a calidade impresa. Rexitámonos traballar con fotocopias en branco e negro ou con falta de nitidez. Creemos que estes elementos deben ser atractivos para o alumnado. De feito, percibimos que eles os valoran e que amosan unha maior implicación nas tarefas que lles propoñemos.

Descubrir a cidade

O itinerario artístico por Ourense, segundo a ruta de A Esmorga, levouse a cabo como unha actividade complementaria e durou unha mañá enteira. A dificultade que se nos presentaba inicialmente era o descoñecemento que tiñan os rapaces sobre a obra de Blanco Amor. De aí que este fose o primeiro problema que tratamos de resolver, pois era imprescindible situalos no escenario da novela para tirar proveito do percorrido e resolver as cuestións que lles ían xurdindo nesta. Así, a preparación previa á viaxe resultou fundamental, tanto a dos profesores e profesoras implicados, como a que realizaron os estudantes baixo a tutela docente.

O traballo en grupos, coa asunción de diferentes roles, foi a principal motivación que guiou o noso obxectivo. Os alumnos fixeron presentacións en Power Point (ou encerado dixital) diante dos seus compañeiros e tiveron que organizarse de maneira cooperativa, o que contribuíu a mellorar as súas competencias.

Nunha segunda fase, fixemos un percorrido por onde transcorre A Esmorga, é dicir, polo Ourense vello. Antes seleccionamos todo aquilo que nos ofrecía máis posibilidades para desenvolver o proxecto. Era evidente que explicar a historia, a arte e a cultura, os cambios demográficos, a creación e a evolución da cidade a través dunha visita, resultaba unha experiencia divertida e estimulante. En principio, os rapaces pensaban que era un día de excursión coma tantos. Pero non tardaron en descubrir que se lles ofrecía algo máis e, rapidamente, se ofreceron para resolver as cuestións en parellas, en pequenos ou en grandes grupos, o que combinaban tamén co necesario labor individual.

Durante o percorrido, eles mesmos, coas súas interrogantes, achegaban novos camiños. Así, diante da igrexa de Santa Eufemia, preguntábanse o porqué da súa fachada cóncava e, na Alameda, trataban de descubrir se a rocha que tiñan diante era natural ou artificial. Pouco a pouco, foi cambiando a súa visión da cidade. O IES Otero Pedrayo, como primeiro centro laico, e o seu paramiro, causáronlles unha grande impresión. Tamén lles resultou abraiante que Ourense fose unha pequena vila amurallada e que, a comezos do século XX, contase con moita menos poboación da que ten hoxe Xinzo de Limia. Interesáronse polo poder dos gremios ou polas disputas entre ordes relixiosas, e comprobaron *in situ* a evolución histórica da arquitectura da vila.

Talvez o máis salientable desta experiencia sexa o feito de "palpar" fisicamente a morea de creadores, as súas obras ou os recordos que Ourense garda deles. Na memoria dos nosos estudantes queda agora a idea de que este núcleo urbano foi dende sempre unha "cidade da cultura".



No ocoeiro da praza da Malabena, antigo ocoeiro urbano de Ourense

Despois da visita

A fase posterior á visita transcorreu no centro. Había que buscar respostas ás novas preguntas que foron xurdindo. Catorce en total, que nós cualificamos de optativas porque xa non as considerabamos obrigatorias á hora de valorar o traballo dos alumnos. Así, xunto á fonte da praza do Ferro, sorprendéronse de que un monumento destas características puidese cambiar de lugar, o que nos levou a formularlles estas cuestións: Como relacionarías esta praza cun personaxe coma Mendizábal? De onde veu esta fonte? Por que lle chamaban a este lugar praza do Ferro? Que escritores naceron no triángulo formado pola rúa da Paz, a de Lepanto e esta praza na que estades?

Na rúa das Tendás, xurdiron incógnitas que os levaron a investigar en libros sobre Ourense nos que aparece citada. Nós mesmos lles demos pistas e un grupo de obras que hai na nosa biblioteca. Tamén lles dixemos que nesa vía se atopaba o comercio máis antigo da vila e pedimolles que utilizasen a súa cabeza para saber de cal se trataba. Era unha sombrerería, claro está.

A biblioteca do centro e as TIC foron os recursos máis empregados para buscar solucións. En todo momento, tratamos de facer propostas que os obrigasen a combinar ambos os recursos. E, aínda que non sempre o conseguimos, en xeral, os rapaces consultaron en enciclopedias, libros de arte, novelas sobre a zona histórica da capital, mapas da cidade e libros especializados. Neste punto xa non había dificultades de motivación. Non querían deixar ningunha incógnita sen resposta. Estaba claro que o vivido a semana anterior producira o seu efecto.

A metodoloxía

Procuramos ofrecer tarefas integradoras que respectasen os intereses e as diferenzas individuais dos rapaces e que os impulsasen a adoptar unha actitude responsable e crítica. Cada alumno debía asumir as súas obrigas de xeito individual e as que lle correspondían dentro do grupo. Dende cada materia, déuselles unha visión global dos temas que ían ser motivo de investigación. No traballo de elaboración dos materiais, previo á visita, os profesores seleccionaron, analizaron e valoraron a información básica que lles permitiría desenvolver os labores que se lles encomendaban no percorrido.

Durante a viaxe non ofreciamos contestacións moi concretas, agás aquelas que, sobre a arquitectura civil ou relixiosa, necesitaban dunha rápida resposta. O que pretendíamos era que fosen autónomos na procura de solucións. Nós limitábamonos a equipalos dos instrumentos necesarios para valerse por si. É dicir, falámoslles da Lei de Mendizábal, pero eles debían atopar as súas consecuencias. De igual maneira que os informamos sobre os diferentes tipos de enterramentos urbanos, para que puidesen atopar un cemiterio en desuso e o motivo da súa situación. Desexabamos favorecer a discusión en grupo, que aprendesen a interpretar a realidade e o porqué das cousas.



Tome do Reloxo na Catedral de Ourense vista dende a figura de Otero Pedrayo

As actividades

Todas as deseñaron a partir dos obxectivos que, en última instancia, trataban de mellorar as competencias individuais do alumnado.

Son estas:

1. Busca de fontes de información. Elaboración e presentación dos traballos en Power Point; unha vezca eran feitos polo propio profesorado e outras polo alumnado, sempre baixo a tutela do departamento correspondente:

- 1.1. Tres épocas, tres estilos: evolución arquitectónica
- 1.2. Mitoloxía
- 1.3. Fontes, murallas, prazas, rúas no período medieval
- 1.4. Ordes relixiosas presentes na cidade
- 1.5. Traballo gráfico con Google Earth
- 1.6. Bioloxía e xeoloxía segundo a ruta de A Esmorga
- 1.7. Achados arqueolóxicos

2. Realización en grupos do percorrido polo Ourense artístico: carpeta composta polos seguintes documentos:

- 2.1. Portada
- 2.2. Plano do cemiterio de San Francisco
- 2.3. Folla explicando a actividade no camposanto
- 2.4. Normas para a realización do paseo
- 2.5. Folla de composición dos grupos
- 2.6. Follas plastificadas coas preguntas
- 2.7. Follas de respostas
- 2.8. Folla de composición dos subgrupos
- 2.9. Follas plastificadas coas preguntas
- 2.10. Follas de repostas
- 2.11. Plano mudó da zona do Ourense vello
- 2.12. Autoavaliación grupal do traballo

3. Representación da adaptación teatral de A Esmorga

4. Busca de fontes de información para responder as preguntas

5. Creación dun blog no que, en breve, verteremos toda a información. Este é un traballo pensado para compartir e tamén para recibir novas achegas. O enderezo do dito blog é: esmorga-gt.blogspot.com e o correo electrónico: esmorga.gt@gmail.com



Un alto no caseiro no Pazo Episcopal, xunto ao busto de Xesús Fero Cousoelo

A avaliación

O máis interesante deste proxecto é que nos deu unha visión global das carencias e das posibilidades do noso alumnado, á vez que nos permitiu abrir novas vías de investigación. Moitos rapaces, despois de ler a obra de Blanco Amor, interesáronse por outros libros (en galego e en castelán) sobre a cidade de Ourense.

Temos a impresión de que agora miran doutra forma as Burgas; amando cotras, coas súas harpias, titáns, seras ou sibilas; a praza Maior, que imaxinan cos barbeiros atincando moedas nos soportais, ou a praza do Sal e a do Coiro. Talvez lle expliquen a algún amigo algo sobre as murallas ou os médicos xudeus, ou quizais lle digan que o arquitecto da reforma da igrexa vella de Xinzo é o mesmo que deseñou o edificio de Casanova.

Logramos converter a saída do centro nunha actividade nuclear. Sempre se pode argumentar que esta é unha aprendizaxe por anécdotas, pero o que nos leva a buscar novos saberes non é, ás veces, un feito curioso ou sorprendente? Os propios estudantes valoraron o proveito que sacaron da viaxe ao puntual os coñecementos previos sobre a cidade cun D.2, mentres que ao rematar a experiencia lles atibou un sobreesante (9). Cómpre salientar que, ao estar cada grupo acompañado dun profesor, ningún alumno se autoexcluíu e conseguimos unha boa participación.

Este é un traballo con vocación de perdurar e de ir mellorando coas achegas que se vaian facilitando. A educación é unha actividade viva que se retroalimenta a polo. Os que participamos nesta experiencia estamos dispostos a optimizar a información proporcionada polo *feed-back* que supuxo a realización do percorrido.

Cita no cemiterio

Antigamente, as persoas célebres enterrábanse nas igrexas. En Ourense había dous cemiterios urbanos: un na igrexa da Trindade e outro no hospital de San Roque, situado na Alameda do concello.

No ano 1817, os concellos estaban obrigados a situalos fóra das cidades, polo que, en 1822, o de Ourense mercalle á comunidade dos franciscanos o terreo no que hoxe se asenta o camposanto.

En 1887, construíuse á dereita da entrada un pequeno espazo para sepultar a laicos e protestantes. Así, as dúas comunidades estarían separadas máis de 100 anos.

A romántica necrópole cultivará a poetas e literatos pola súa localización sobre a cidade, situada nas abas de Montalegre, con luz permanente no atardecer e cunha morea de personaxes ilustres inhumados nel.

Esta é a información que lles subministramos aos estudantes antes de levar a cabo a actividade. Eles tiñan que localizar o lugar de enterramento de cada un dos seguintes ourensáns ilustres: Eduardo Blanco Amor, Ben Cho Shey, Ramón Parada Justel, Florentino López Cuevillas, Valentín Lamas Carbajal, Ramón Otero Pedrayo, Javier Prado Lameiro. Antes de proceder á busca, démoslles unha guía, xunto cun plano do campoamento sacado de Google Earth, no que estaban marcados con círculos os lugares exactos onde repousan cada un dos personaxes.

Distribuímos os alumnos en grupos, compostos por oito ou nove rapaces, que en todo momento ían acompañados por un profesor. Unha parella de cada un tiña que localizar a tumba do personaxe asignado, sempre seguindo o plano do cemiterio. Cando a atopaban, debían achegar unha característica diferenciada (por exemplo, a de Blanco Amor ten como unha bufanda e un sombreiro). Cada grupo comezaba o percorrido, segundo a súa orde de chegada á porta do cemiterio, e facíao dende un determinado punto, que nunca era o mesmo para todos. Optimizar por facer as saídas así para evitar que coincidisen moitos alumnos xuntos e, deste xeito, optimizar a visita.

Esta experiencia foi Premio de Innovación Educativa 2010. Xunta de Galicia.

Bibliografía


- Atopamos 23 libros de distintos autores nos que a acción se desenvolve en diferentes zonas de Ourense, coincidindo neste sentido coa obra de Blanco Amor. Aquí presentámosos unha pequesima escolma
- BLANCO AMOR, E. (1959) *A Esmorga*. Vigo, Ed. Galaxia
- CARRO, X. (1992) *A Esmorga* de Eduardo Blanco Amor (5-17) *Literatura galega do século XX*. Vigo, Ed. Galaxia
- GARCÍA IGLESÍAS, J. M. (1993) *La catedral de Ourense*. A Laracha, Xuntanza Ed.

Agradecementos

Aínda que lle temos que agradecer a moita outra xente o seu traballo desinteresado, non podemos deixar de citar a Ánxeles Cuña (Grupo Sarabela), Eva Sotelo (Livraría Torga), así como a Xosefa Salgado e a Asunción Caneda, entre outros moitos.

Membros do grupo de traballo:

Victor Javier Pérez Baltar
Concepción Rúa González
Tomás García García
Ignacio Tandeira de la Fuente
Ana Belén Díaz Portas
M.ª Esther Casal Pérez



Imprimir páxina

outros artigos

A ciencia na educación infantil
Grupo de traballo Torquea"vidal@edu.xunta.es

Vellos con historia
Valorar os avós en tempos de TIC

Tras os pasos de A Esmorga
Un percorrido pola arte e á historia de Ourense

relacionados

Vellos con historia

Cartillas (mp3)

remedios para as doenzas (mp3)

colabora con **experiencias**

revista.galega.ensino@edu.xunta.es

Francisco Tonucci

ESTA MAÑÁ TRÓUXENOS UNS PRATOS PLÁSTICOS CO OBXECTO DE QUE PODADES OBSERVÁLOS

E TI ¿POR QUE CHORAS?
PORQUE NON QUERO COMELO

PERO ¿E QUE TI COMES O PEIXE CRÚ?
NON, PERO AGORA ESTAMOS NA ESCOLA.

FOTO 08

A OBSERVACIÓN CIENTÍFICA PARA O COÑECEMENTO DO MEDIO